



2025/SUBCC/000003

Certificación do acordo

Raimundo González Carballo, Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra.

Certifico: que a Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra, na sesión Ordinaria que tivo lugar o día 23.01.2025, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

2.- CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS AO ABEIRO DA ORDENANZA DE RENDA SOCIAL DO CONCELLO DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2025. 2025/SUBCC/000003.

Examinado o expediente tramitado para a convocatoria de subvencións ao aboeiro da Ordenanza de Renda Social do Concello de Pontevedra para o ano 2025, e visto o informe-proposta da xefatura de Benestar Social de data 10.01.2025, cuxos antecedentes e fundamentos xurídicos a continuación se reproducen:

“A crise económica vivida nos últimos anos provocou a aparición de novas bolsas de persoas que non contan con recursos suficientes que den cobertura de necesidades básicas tales como a alimentación, vestimenta, vivenda ou medicamentos, todos eles, elementos cos que garantir dereitos constitucionalmente recoñecidos.

Esta situación, é refrendada por estudos na materia e que sitúan como no caso do realizado pola Rede Europea de Loita contra a Pobreza e Exclusión Social, que unha quinta parte da poboación está en situación cualificada como de pobreza ou de exclusión social na cidade de Pontevedra.

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, profundamente reformada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, no seu artigo 25.2.e) recolle como competencia propia dos concellos a de *“avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social”*, competencia que debe ser prestada de xeito obrigatorio polos concellos de máis de 20.000 habitantes.

A maiores, esta mesma norma xurídica recolle no seu artigo 27.3c) a posibilidade de que a Administración do estado ou as Comunidades Autónomas deleguen nos concellos entre outras competencias como a de *“prestación dos servizos sociais, promoción da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia contra a muller”*.

O artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, sinala entre as competencias dos concellos galegos a de: *“A prestación dos servizos sociais e a promoción e reinserción sociais”*.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, no artigo 18 regula as prestacións económicas orientadas a satisfacer necesidades pecuniarias valoradas dos individuos ou familiar e a estimular a súa incorporación social e laboral, como un instrumento do Catálogo de servizos sociais.

Por outro lado no artigo 21 define como prestacións económicas do sistema galego de servizos sociais ás rendas de inclusión social e as axudas de emerxencia e necesidade social.

O Concello de Pontevedra conta cunha Ordenanza municipal reguladora da renda social municipal aprobada e cuxo texto foi publicado no BOP de Pontevedra núm. 64 do 2 de abril do 2019.

As prestacións que emanan desta Ordenanza constitúen un recurso temporal e por un período máximo de seis meses (prorrogables ata un máximo de doce) coas que garantir un nivel de vida digno a aquelas persoas que non contan con ingresos económicos e cos que afrontar as súas necesidades de carácter básico.





A renda social municipal ten carácter subsidiario e incompatible coa renda de inclusión social de Galicia (RISGA) así como con outras prestacións económicas análogas.

Para o desenvolvemento dos obxectivos anteriores, e na procura de promocionar as persoas e as familias, o Concello de Pontevedra establece este sistema de subvencións, complementario aos creados por outras entidades públicas, e que se rexe polas bases reguladoras establecidas na Ordenanza municipal citada, tal como prevé o artigo 17.2) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

A presente convocatoria de axudas, financiarase con cargo ao crédito existente nos orzamentos do Concello de Pontevedra para o ano 2025 e na aplicación orzamentaria 2025-12-2310-48030. O importe asignado á presente convocatoria ascende a 20.000,00 euros.

O ámbito temporal da presente convocatoria abrangue desde o día 1 de xaneiro ao 31 de decembro do 2025. Non obstante, poderán ser incluídas na presente convocatoria aquelas solicitudes que contén coa finalidade destas axudas, foran solicitadas con anterioridade ao 1 de xaneiro do 2025 e que non foron resoltas.

O procedemento de concesión será en réxime de concorrencia non competitiva, segundo a excepción contemplada no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que permite excepcionar do requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas cando, polo obxecto e finalidade da subvención, non sexa necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento ata o esgotamento do crédito orzamentario.

Xustifícase a excepcionalidade porque nestes casos non é necesaria a comparación de solicitudes entre si, polo interese especial en lograr respostas e solucións axeitadas ás diversas necesidades das persoas, que cumprindo os requisitos especificados na Ordenanza poidan ser atendidas neste Concello.

Así mesmo, a concorrencia non competitiva é o mecanismo que permite que as necesidades subvencionables poidan ser atendidas en todo momento, mantendo a posibilidade de solicitude aberta de maneira continuada. Ademais, é necesario un procedemento áxil para dar resposta ás necesidades das persoas que se xeran ao longo do tempo, non en prazos preestablecidos, e que poden dar lugar a unha resolución afastada no tempo da petición da persoa solicitante.

Por outra banda, o respecto da dignidade da persoa, da súa autonomía e intimidade e do seu benestar que orientará a actuación pública que proclama como dereito o artigo 6 da Lei de servizos sociais de Galicia, o recolle o noso Tribunal Constitucional, nunha concepción do dereito á intimidade netamente defensiva, cando manifesta que é *"a existencia dun ámbito propio e reservado fronte á acción e coñecemento dos demais, necesario, segundo as pautas da nosa cultura, para manter unha calidade mínima de vida humana"*.

É por elo que se da un dos supostos en que non é necesaria a publicación da concesións destas subvencións. Concretamente o previsto no apartado d) do punto 2 do artigo 15 da Lei de subvencións de Galicia: *"cando a publicación dos datos do beneficiario en razón do obxecto da subvención poida ser contraria ao respecto e salvagarda da honra e á intimidade persoal e familiar das persoas físicas en virtude do establecido na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, e sexa previsto na súa normativa reguladora"*.

As bases reguladoras están contidas na Ordenanza municipal reguladora renda social do Concello de Pontevedra, que foi publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 64 do 2 de abril do 2019.

Ao abeiro desta disposición, considéranse axudas da renda social aquelas prestacións económicas, de carácter extraordinario e finalista, destinadas a paliar situacións de vulnerabilidade ou exclusión social cun ámbito temporal que non excede dos seis meses (prorrogable ata máximo de doce) e vinculadas ao





establecemento dun programa de inclusión social para a persoa beneficiaria.

Poderán ser beneficiarias destas axudas aquelas persoas que cumpran cos requisitos establecidos no artigo 4 da Ordenanza de renda social e que estando empadroadas no Concello de Pontevedra teñan cumprida a maioría de idade (agás nos supostos excepcionados):

- Non teñan dereito a percibir a Renda de Inserción Social de Galicia (RISGA) ou calquera outra prestación de natureza similar.
- A unidade familiar non conte con ingresos que supere os seguintes límites tendo en conta o IPREM:
 - * Un só membro: 75%.
 - * Dous membros: 90%.
 - * Tres ou máis membros: 100%.

As persoas beneficiarias deben de cumprir coas obrigas establecidas no artigo 5 da Ordenanza de renda social. Asemade, deben integrarse no Proxecto de inclusión social descrito no artigo 8 da citada norma e que lle será deseñado e proposto polo Servizo de Benestar Social do Concello de Pontevedra.

O pagamento das axudas tramitarase como un pagamento anticipado, sen prexuízo dos posteriores controis que se leven a cabo polo Servizo de Benestar Social.

Consonte co artigo 31.4 da Lei de subvencións de Galicia, cando o procedemento administrativo establecido non leve consigo o esgotamento do crédito nun só acto de concesión, senón que a súa disposición realícese en actos sucesivos, o órgano xestor deberá publicar, na forma que regulamentariamente se estableza, o esgotamento da partida orzamentaria asignada e a inadmisión de posteriores solicitudes destinadas a participar do mesmo, salvo que proceda o previsto no apartado 2 deste artigo.

A Ordenanza xeral reguladora das subvencións do Concello de Pontevedra e os seus organismos autónomos, publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 190 do 30 de setembro de 2004 dispón que deberán ser publicadas no Boletín Oficial da Provincia e Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello. Todo elo, sen prexuízo da obriga de publicación contida na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

No tocante ao órgano competente para efectuar esta convocatoria artigo 11 da Ordenanza xeral reguladora das subvencións do Concello de Pontevedra, establece que a competencia para a concesión de subvencións en concorrència competitiva no caso de que a contía da convocatoria excede de 12.020,24 € o órgano competente será a Xunta de Goberno Local. No caso contrario, atribúella ao Alcalde, facultade que se atopa delegada na Concelleira da Área de Promoción da Igualdade, do Benestar, da Saúde e da Economía por Decreto de Alcaldía de data 17 de setembro do 2025.

Por último, simplemente recordar que a letra a) do número 2 do artigo 2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, foi redactada polo artigo 29 da Lei 4/2021, 28 xaneiro, de medidas fiscais e administrativas («D.O.G.» 29 xaneiro), e neste momento dispón que non teñen o carácter de subvencións as prestacións previstas no artigo 2.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións, destinadas a persoas físicas, e as prestacións autonómicas e municipais de natureza similar a estas ou de carácter asistencial.

Neste contexto danse as condicións para que o Concello de Pontevedra xestione e tramite a presente liña de subvencións."





En base ao exposto e unha vez que se ten incorporado ao expediente o informe da Intervención municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta a súa aprobación ao informe-proposta da xefatura do servizo de Benestar Social (CSV W9KMVAFOE2RRL8XM) e, en consecuencia, acorda:

Primeiro.- Convocar para o ano 2025, en réxime de concorrencia non competitiva, segundo a excepción contemplada no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as subvencións reguladas na Ordenanza da renda social do Concello de Pontevedra.

As solicitudes de axuda presentadas no ano 2025 e cos requisitos establecidos nas bases tramitaranse, resolveranse por orde de entrada no rexistro da solicitude e ata o esgotamento do crédito.

Non obstante, poderán ser incluídas na presente convocatoria aquelas solicitudes que contén coa finalidade destas axudas, foran solicitadas con anterioridade ao 1 de xaneiro do 2025 e non resoltas.

Segundo.- As subvencións que se concedan financiaranse con cargo aos orzamentos do Concello de Pontevedra para o exercicio 2025 e imputaranse á aplicación orzamentaria 2025-12-2310-48030, ascendendo o importe total asignado a esta convocatoria a 20.000,00 €.

Así mesmo son obxecto de solicitude de xeito anual nos programas do Plan Concertado de Servizos Sociais e nos que se solicita financiamento para o 100% do seu importe.

Terceiro.- En canto ás persoas beneficiarias destas axudas poderán selo as persoas que cumpran os requisitos establecidos nos artigos 4 e seguintes da Ordenanza municipal reguladora da renda social do Concello de Pontevedra, que foi publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 64 do 2 de abril do 2019, e sigan o procedemento establecido nos artigos 11 e seguintes da mesma.

Cuarto.- A súa finalidade será dispensar unha atención básica e urxente no momento en que estas situacións de necesidade se produzan. Dado o réxime normativo e as atencións as que responden as axudas económicas obxecto da Ordenanza serán sempre temporais, por un prazo máximo de seis meses (prorrogable ata un máximo de 12).

Quinto.- O importe das axudas modularase atendendo á situación socioeconómica do/a solicitante.

A contía da renda social será do:

- 75% do IPREM para aquelas unidades familiares constituídas por un único membro.
- 90% do IPREM para aquelas unidades familiares constituídas por un dous membros.
- 100% do IPREM para aquelas unidades familiares constituídas por tres ou máis membros.

E para que conste, coa salvidade á que se refire o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, expido a presente certificación de orde e co visto e prace da Alcaldía na data que consta na sinatura electrónica.

